



Concello  
da Estrada



# **PROTOCOLO ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS 2021-2022**

## **1.- OBXECTO.**

Dentro do ámbito das súas propias competencias, o Excmo. Concello da Estrada asume, elabora e coida os programas deportivos dirixidos á toda a poboación.

Un dos programas básicos da súa competencia deportiva é o das Escolas Deportivas Municipais.

As Escolas Deportivas Municipais funcionan de acordo cun programa municipal que persegue, como obxectivo prioritario, fomentar a práctica da actividade física entre a poboación escolar do municipio en idades a partir dos 4 anos, ou menos sempre e cando este especificado na actividade correspondente. Este programa desenvólvese nas distintas Instalacións Deportivas Municipais.

## **2.- CRITERIOS.**

O Excmo. Concello da Estrada ten entre os seus fins:

A) A promoción, fomento, coordinación e organización de actividades e servizos físico-deportivos para contribuir o desenvolvemento da cultura física e mellora da calidade de vida da poboación do concello da Estrada quedando establecido nos seus correspondentes programas. En concreto, a través do Programa das Escolas Deportivas Municipais, cuxo procedemento de xestión farase público o inicio de cada temporada.

B) Facilitar a utilización das instalacións deportivas municipais a toda a poboación do concello, xa sexa a modo particular con alugueres das instalacións, ou por medio das Escolas Deportivas Municipais.

C) Establecer convenios de colaboración con federacións, clubs e asociaciónes para potenciar o asociacionismo deportivo para conseguir una maior participación cidadá no sistema deportivo local.

Que a Entidade/Club correspondente, ten como obxectivo principal a práctica ou desenvolvemento da actividade concreta para a que está constituída, ademáis de incluír entre as súas finalidades a promoción e a práctica da actividade física e deportiva, dispoñendo para elo de organización e estrutura suficientes para levar a cabo, segundo os casos, a práctica do deporte de iniciación e/ou de base en idade escolar, cursos de aprendizaxe deportivo, e outras modalidades enfocadas o deporte-saúde.

Que dada a común finalidade de ambas entidades, redáctase o presente regulamento para o funcionamento das Escolas Deportivas Municipais, con arreglo as estipulacións deste regulamento.

### **3.- ESTIPULACIÓNS.**

PRIMEIRA.- A Entidade/Club, toda vez que participe na correspondente convocatoria de ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, cumprindo favorablemente cos requisitos expresados na mesma según cada temporada, obrígase a creación, dirección, xestión e execución das actividades obxecto de dita convocatoria, que quedarán encadradas na seguinte modalidade:

Escolas Deportivas: Dirección técnica, organización e desenvolvemento dunha escola deportiva que acollerá a todos os demandantes de dita actividade, que cumpran os requisitos que se establezcan para a inscrición. A Escola Deportiva terá como principal obxectivo a promoción do deporte ou actividade principal reflexada nos Estatutos, e da actividade física con fins educativos, lúdicos e sociais, complementando esta actividade básica con outras de carácter recreativo-cultural ou competitivo, que tendan a consecución de ditos fins o longo do ano. Este curso ca situación adaptada para tentar dar atendido a demanda, o número mínimo de alumnos para que a escola se manteña é de 10 alumnos, cun máximo de 12 e cun máximo de 2 horas semanais de actividade, podéndose modificar segundo a evolución da situación.

### **4.- NORMATIVA COVID-19 EN ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.**

Esta normativa, ven dada para facilitar a organización do programa das ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS utilizando ás instalacións deportivas municipais do Concello da Estrada e será de obrigado cumprimento por parte dos alumnos que vaian a participar en dito programa. Será complementado e condicionado por aquelas normas ou ordes que se ditén e publiquen por parte das autoridades sanitarias e deportivas durante o transcurso da evolución desta situación. Actualizarase continuamente dacordo coas informacións e criterios das autoridades competentes.

Adoptaranse as medidas de prevención hixienico-sanitarias necesarias para lle facer fronte á pandemia provocada polo *Covid-19* conforme o disposto polas autoridades sanitarias e deportivas.

Con motivo da situación actual e cas limitacións que se nos presentan (espazos, grupos reducidos, ...), o programa das ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, ofértase a tod@s @s interesad@s, como unha opción para realizar actividade física nun contexto complexo, e como axuda o desenvolvemento integral do alumno, sobre todo, na poboación en idade escolar e complementando as actividades realizadas durante o horario lectivo, nunca orientado a competición e rendemento.

Ca idea firme de que cada actividade comparta instalación o menos posible con outras disciplinas e a limitación dos grupos, ofertamos o máximo número de actividades e

co ratio máximo de alumnos por grupo ,adaptándonos as instalacións cas que contamos

De todos os xeitos, a responsabilidade do cumprimento desta normativa corresponderá ás Entidades/Clubs cando se atopen realizando á actividade, baixo a súa exclusiva responsabilidade.

#### 4.1.- ACTUACIÓNS INICIAIS.

- ✓ Cobranza da actividade só se se realiza: só se procederá á cobranza da actividade se realmente iníciase a actividade. Se algún dos meses non se puidera realizar a modalidade correspondente, non habería que pagar a taxa correspondente (12 euros)
- ✓ Dentro do posible, ubicación de cada unha das ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS nunha instalación de xeito exclusivo, tentando que cada disciplina teña a súa propia instalación. De non ser posible e cando haxa que compartir instalación, non facelo no mesmo día, programando actividade das diferentes ESCOLAS en días diferentes ou con suficiente separación horaria.
- ✓ Aforos reducidos . A EstradaDeporte limitou as prazas por grupo para procurar unha maior distancia entre os [alumn@s](#).
- ✓ Limitación do material deportivo compartido. Limitarase o intercambio de material dentro dunha mesma sesión e no seu caso tendo produtos de desinfección.
- ✓ Clases en espazos abertos e maior tempo entre clase e clase. Sempre que sexa posible e as condicións permítano, as actividades contarán con sesións ao aire libre.
- ✓ Kit de hixiene persoal. Aconséllase a [tod@s @s alumn@s](#) que acudan cun kit de hixiene persoal que conteña polo menos: Toalla pequena (lavado de mans ou secado suor) ou toalla mediana para apoiarse sobre superficies. A este Kit deberanse engadir ou quitar elementos en función da actividade que se practique e que se detallará oportunamente polo instructor o primeiro día de clase.
- ✓ Grupos identificados. Grazas a composición das listaxes de alumnos dos cursos, podemos saber en caso necesario as persoas que puidesen estar en contacto con positivos en [COVID19](#), polo que este departamento poderá tomar as precaucións para evitar exposicións de propagación.
- ✓ Dispensadores de [hidroxel](#) e [xaboneiras](#) en todas as instalacións. As zonas comúns e aseos dispoñerán destes elementos para garantir a hixiene.
- ✓ Nos estarán dispoñibles os vestiarios, unicamente os aseos da instalación.
- ✓ Obrigatoriedade do uso de máscara en todas as zonas comúns dentro de instalacións, tanto para á actividade coma en tránsito pola instalación.

#### 4.2.- NORMAS UTILIZACIÓN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

- **A Entidade/Club deberá de cumprir o PROTOCOLO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DA ESTRADA para a impartición da disciplina correspondente na instalación asignada. No caso de que a actividade se leve a cabo nunha instalación non municipal, deberá de cumprir, a maiores, o protocolo do centro onde se leve a cabo dita actividade.**
- A práctica do deporte de competencia autonómica, seguirá o PROTOCOLO que propoña a federación correspondente para adaptar a modalidade deportiva ás medidas de protección fronte á COVID, e se atope aprobado pola Xunta de Galicia.
- Os clubs e deportistas individuais usuarios das instalacións deportivas designarán un responsable técnico encargado de coordinar co departamento de deportes do Concello da Estrada a utilización das instalacións, e que será o responsable da aplicación e do cumprimento dos protocolos, tanto o PROTOCOLO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DA ESTRADA, como o PROTOCOLO DA FEDERACIÓN autonómica correspondente.
- Non está permitido o acceso á instalación deportiva dos pais ou acompañantes dos/as alumnos/as, debendo de esperar polos mesmos no exterior da instalación. Á Entidade/Club poderá dar autorización unicamente para acompañar ós menores de idade ata a zona de adestramento evitando que queden na instalación unha vez que o adestrador ou persoa designada recolle aos/ás alumnos/as.
- Non se permite o uso de vestiarios nas instalacións. Únicamente estarán dispoñibles os aseos. Os deportistas asistirán coa roupa da súa práctica deportiva, só se poderán deixar unha mochila básica nos espazos habilitados para ese efecto (na instalación que vaian utilizar).

#### **5.- INSCRICIÓNS E PAGAMENTO.**

Ás preinscricións poden realizarse no teléfono de contacto de cada actividade, formalizando a inscrición completa unha vez comezada a ESCOLA DEPORTIVA MUNICIPAL. As tarifas de todas modalidades deportivas ofertadas nas ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS serán as seguintes:

COTA XERAL (Ata 19 anos e maiores de 65 anos):

36 €/trimestrais.

COTA ADULTOS (De 20 a 64 anos):

60 €/trimestrais.

BONIFICACIÓNS:

50% de bonificación na tarifa para familias numerosas.

50% de bonificación na tarifa nunha segunda disciplina.

As cotas pagaranse, de xeito anticipado por trimestres na conta do Banco Sabadell ES78 0081 2208 2300 0101 2603.

Para iniciar a participación no programa municipal das ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, será imprescindible co alumno acredite á Entidade/Club, que se ten realizado o pagamento das cotas, así como ao inicio de cada trimestre para manterse na escola correspondente.

## **6.- DECLARACIÓN.**

## ACEPTACIÓN DE CONDICIÓNNS PARA PARTICIPAR NAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DA ESTRADA. PREVENCIÓN FRONTE AO COVID COVID-19.

INFORMADO,

D/D<sup>a</sup> ..... con DNI/NIE .....

actuando en nome propio (persoa participante maior de idade)

como proxenitor/titor-a da persoa participante (menor de idade)

D/D<sup>a</sup> .....con DNI/NIE .....

### DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONDICIÓNNS DE SAÚDE

Declaro que a persoa participante non está diagnosticada con síntomas asociados a este virus (tose, febre, á data de entrada nesta actividade e non padece ningunha outra enfermidade)

Declaro que a persoa participante non convive con ninguén afectado polo Covid contacto estreito nin compartiu espazo sen gardar a distancia interpersonal cunha persoa afectada polo Covid-19, nos 14 días previos á entrada nesta actividade.

Comprométome a notificar inmediatamente á organización calquera problema de saúde vinculado ao COVID-19 durante o transcurso da actividade. Se algún alumno presenta síntomas como febre, tos e dificultade respiratoria, chamar ao 061 ou ao 900 400 116 (segundo proceda), seguindo ás instrucións das autoridades sanitarias.

### DECLARACIÓN DE COÑECEMENTO DOS RISCOS PARA PERSOAS VULNERABLES ou convivir con *PERSOA VULNERABLE*:

*(presión arterial, diabetes, enfermidades cardiovasculares, enfermidades pulmonares crónicas, cancro, inmunodeficiencias/muller embarazada/ persoa con afeccións médicas anteriores)*

Sendo, a persoa participante, persoa vulnerable e/ou convivinte cunha persoa vulnerable, declaro que son consciente do risco que corre tanto a persoa vulnerable participante como as persoas vulnerables coas que convive.

### ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNNS PERSOAIS DE HIXIENE E PREVENCIÓN

Lin e acepto as condicións de hixiene e prevención nas que se vai desenvolver a actividade.

### DECLARACIÓN DE QUE LEU E ACEPTA A INFORMACIÓN PROPORCIONADA POLO CONCELLO DA ESTRADA SOBRE A ADAPTACIÓN DA ACTIVIDADE AO COVID

Declaro que recibín e lin a información de adecuación da actividade ao COVID responsable da actividade e que polo tanto teño coñecemento pleno e estou de acordo coas medidas e procedementos que propón.

Declaro que recibín e lin o Protocolo de actuación en casos de emerxencia ou risco de entidade responsable da actividade.

Que son consciente dos riscos que implica a participación da persoa interesada na actividade no contexto da crise sanitaria provocada polo COVID19, que asumo baixo a miña responsabilidade.